



Eupic

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XEHAL	
- 5 XUN 2017	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 9800

En contestación á pregunta formulada por vostede de data 30 de maio con nº de rexistro 16398, supostamente respecto do acordo con La Región, fágolle chegar a seguinte resposta:

Os Trámites, condicións e taxación do procedemento pode comprobalos no expediente que estará á súa disposición, para que, en horario de oficina, calquera deputado/a do Grupo do BNG, poida realizar a consulta nas datas e lugares seguintes:

EXPEDIENTE	DATA	LUGAR
Arquivo "La Región"	08-06-2017	CONTRATACIÓN

A dixitalización do fondos adquiridos (non "cedidos") corresponde a un momento posterior e será materializada de acordo coa lexislación vixente.

A terceira parte do arquivo , a correspondente a primeira anualidade do acordo, 2017, atopase nun primeiro momento en dependencias do Pazo de Vilamarín, sen descartar o seu traslado a outro espazo.

Lémbrolle que, de acordo cos termos previstos no artigo 16.3 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), e no artigo 227 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, todos os membros da Corporación Provincial deben gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente, das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se encontren pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que se lles poida facilitar, en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Ourense, 5 de xuño de 2017

O PRESIDENTE



José Manuel Baltar Blanco.

RAMIRO RODRÍGUEZ SUÁREZ, deputado provincial do Grupo BNG.

Grupo do BNG.- Deputación Provincial de Ourense.